

## Concello de Viveiro

EXPTE.- 1674/2024

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves, 14 de marzo de 2024 Núm. 062, publícase a convocatoria aprobada pola Alcaldía, en Viveiro o día 07 de marzo de 2024, pola que se inicia o proceso selectivo para o ingreso como persoal funcionario interino por vacante coma programador e responsable de mantemento informático e ofimático polo sistema concurso-oposición, acceso libre.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan o proceso selectivo que se convoca para o ingreso como persoal funcionario interino por vacante coma programador e responsable de mantemento informático e ofimático polo sistema concurso-oposición, acceso libre.

Vista a base reguladora 12, que sinalan "(...) **12.1. Relación das persoas seleccionadas e proposta do Tribunal.**

*O Tribunal elaborará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación, non podendo, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, realizando o/a Presidente/a do Tribunal a proposta de nomeamento ou contratación ante a Alcaldía.*

*Calquera proposta de persoas seleccionadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.*

*Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan á proposta por orde de puntuación. Así mesmo esta listaxe servirá para a confección dunha lista de emprego segundo se establece nas presentes bases.*

#### **12.2. Publicación.**

*O resultado do proceso publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es) e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica.*

#### **12.3. Orde de aspirantes non seleccionados.**

*O Tribunal establecerá a orde de aquelas persoas aspirantes que sen ser seleccionadas superaron o proceso selectivo, quedando ordenadas segundo as puntuacións acadadas na cualificación final para a súa incorporación nunha lista de emprego para nomeamentos ou contratacións por substitucións ou vacantes na praza convocada ou en prazas de mesma escala, sub-escala, grupo e subgrupo.*

#### **12.4. Resolución de Alcaldía da relación definitiva de persoas aspirantes propostas polo Tribunal e orde de aspirantes non seleccionados.**

*A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de persoas seleccionadas, na que constará o/a aspirante seleccionado en base á proposta do Tribunal. Esta resolución conterá tamén a orde de aspirantes non seleccionados para conformar a lista de emprego establecida nas presentes bases.*

#### **12.5. Publicación da Resolución de Alcaldía.**

*A Resolución de Alcaldía será publicada no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es), no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica do Concello de Viveiro..."*

Tendo en conta a proposta do Tribunal data 29 de abril de 2024, na que literalmente di: "(...)

#### **1. CUALIFICACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO (Base 10.1.1)**

*O Tribunal acordou conceder, por unanimidade, as seguintes puntuacións sobre un máximo de 20 puntos.*

N.º de Control	RESPOSTAS			CUALIFICACIÓN (Máx.20)
	Correctas	Incorrectas	En branco	



## Concello de Viveiro

<b>01</b>	11	8(-2)	1	<b>9</b>
<b>02</b>	13	4(-1)	3	<b>12</b>
<b>03</b>	14	4(-1)	2	<b>13</b>
<b>05</b>	9	11(-2)	0	<b>7</b>
<b>07</b>	13	7(-1)	0	<b>12</b>

As persoas aspirantes cos números de control 01 e 05 quedan eliminadas do proceso selectivo ao non acadar a puntuación mínima de 10 puntos establecida nas bases.

### 2. CUALIFICACIÓN SEGUNDO EJERCICIO (Base 10.1.2)

O Tribunal acordou conceder, por unanimidade, as seguintes puntuacións sobre un máximo de 40 puntos.

N.º de Control	RESPOSTAS			CUALIFICACIÓN (Máx.40)
	Correctas	Incorrectas	En branco	
<b>02</b>	20	5(-1)	15	<b>19</b>
<b>03</b>	17	20(-5)	3	<b>12</b>
<b>07</b>	29	7(-1)	4	<b>28</b>

As persoas aspirantes cos números de control 02 e 03 quedan eliminadas do proceso selectivo ao non acadar a puntuación mínima de 20 puntos establecida nas bases.

### 3. IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ao obxecto de continuar co procedemento selectivo, o tribunal procede á apertura pública do sobre asinado que contén as tarxetas nas que figuran os número de control e os datos identificadores das persoas aspirantes que participan no proceso selectivo, resultando como segue:

N.º DE CONTROL	APELIDOS E NOME
01	GARCÍA LOMBARDÍA, IVÁN
02	PAZ MAZOY, MIGUEL ÁNGEL
03	VÁZQUEZ PAJÓN, YOLANDA
05	GARCÍA LÁZARO, MIGUEL
07	ALONSO PÉREZ, PABLO

### 4. BAREMO DE MÉRITOS (Base 10.2)

Realizada a fase de oposición, o Tribunal procede a valorar os méritos da única persoa que a superou.

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 25 PTOS.)	B) CURSOS DE FORMACIÓN (MÁXIMO 10 PTOS.)	C) OTRAS TITULACIÓN (MÁXIMO 4 PTOS.)



## Concello de Viveiro

APELIDOS E NOME	A.1) Servizos prestados en Admón. Locais nunha praza ou posto similar (0,30 ptos. X mes)	A.2) Servizos prestados noutras Admón. distinta da Admón. Local nunha praza ou posto similar (0,20 ptos. X mes)	Directamente relacionados e impartidos por Admón. Públicas	Directamente relacionadas	Total
ALONSO PÉREZ, PABLO	0,00	0,00	4,10	0,00	4,10

### 5. CUALIFICACIÓN FINAL (Base 11)

A cualificación final virá dada polo resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso, quedando do seguinte xeito:

APELIDOS E NOME	GALEGO	1º EXERC	2º EXERC	TOTAL FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	CUALIFICACIÓN FINAL
ALONSO PÉREZ, PABLO	Exento	12	28	<b>40</b>	<b>4,10</b>	<b>44,10</b>

### 6. RELACIÓN DA PERSOA SELECCIONADA ( Base 12.1)

ALONSO PÉREZ, PABLO

### 7. PROPOSTA DO TRIBUNAL ( Base 12.1)

Á vista das cualificacións outorgadas, o Tribunal de selección propón á alcaldía o nomeamento como funcionario interino a **Don Pablo Alonso Pérez**, como Programador e Responsable de Mantemento Informático Ofimático, no Concello de Viveiro.

### 8. ALEGACIÓNS

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación dos resultados no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica do Concello.

Pasado este prazo, de non presentarse alegacións ou desetermarse as mesmas, estas cualificacións terán carácter definitivo..."

Vista a base xeral 13, que di: "**PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

A persoa seleccionada para cubrir a praza vacante, deberá presentar a documentación acreditativa mediante copia auténtica (segundo o artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais, que acrediten os requisitos esixidos nas presentes bases, que non fosen acreditados coa solicitude de participación.

#### 13.1 Documentos a presentar:

O/A aspirante presentará os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

- a) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.
- b) Copia cotexada ou copia auténtica da titulación académica esixida nas presentes bases ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados a que necesariamente acreditará o pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.



## Concello de Viveiro

**c)** Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.

**d)** Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

**e)** Declaración responsable actualizada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

**f)** Copia da tarxeta da Seguridade Social.

**g)** Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.

### 13.2. Prazo de presentación.

As persoa seleccionada disporá dun prazo de tres (3) días hábiles para presentar os documentos enumerados no parágrafo anterior, contados a partir do seguinte a publicación da Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes seleccionados no Taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro.

### 13.3. Lugar de presentación.

A presentación da documentación farase no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro, en horario de atención ao público é de nove a catorce horas de luns a venres.

**As solicitudes tamén poderán presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, da LPACAP, tendo en conta que os documentos presentados deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica. Se a solicitude se presentase nas oficinas de correos, farase de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postais.**

### 13.4. Falta de presentación de documentos.

Se o/a aspirante seleccionado non presentase os documentos mencionados no punto 13.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderá ser nomeado, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidese haber incorrido por falsidade na súa solicitude de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de cinco días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do aspirante seleccionado... ”

#### RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta de 29 de abril de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

**SEGUNDO.-** Aceptar a proposta do Tribunal a favor de D. Pablo Alonso Pérez, como **aspirante seleccionado**, para ocupar como funcionario interino a praza vacante correspondente ao posto da RPT “ **PROGRAMADOR E RESPONSABLE DE MANTEMENTO INFORMÁTICO E OFIMÁTICO**” (SX0.7/045) na Escala Administración Especial, Subescala de Técnica.

De conformidade co disposto na base 13, a persoa seleccionada disporá dun prazo de tres (3) días hábiles para presentar os documentos enumerados no parágrafo anterior, contados a partir do seguinte a publicación da Resolución de Alcaldía da relación definitiva de aspirantes seleccionados no Taboleiro de anuncios dixital do Concello de Viveiro , a documentación establecida na base 13.1, que di: “**13.1 Documentos a presentar:**

O/A aspirante presentará os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

**a)** Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.

**b)** Copia cotexada ou copia auténtica da titulación académica esixida nas presentes bases ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados a que necesariamente acreditará o pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

**c)** Certificación médica acreditativa de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co exercicio das funcións da praza para a que foi seleccionado.

**d)** Declaración xurada actualizada de non ter sido separados/as do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.



## Concello de Viveiro

---

**e)** Declaración responsable actualizada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

**f)** Copia da tarxeta da Seguridade Social.

**g)** Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina..”

**TERCEIRO.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica.

**QUINTO.-** Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal, Intervención e Tesorería.

Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxuício de que poda exercitar calquer outro recurso que estime pertinente.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018,

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

**(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)**

